

REFORMA DA NORMATIVA DE COMPETICIÓN E NORMATIVA DE REGATA PARA A TEMPADA 2021

PREÁMBULO

Os socios da Asociación Liga Noroeste recoñecen a necesidade de aprobar unhas normas que regulen de maneira específica a competición, dada a excepcional situación que se deriva da crise sanitaria do covid-19. Tamén como garantía para que a competición se desenrole, en todos os seus ámbitos e por todos os estamentos participantes, con pleno respecto ás medidas e protocolos establecidos polas autoridades sanitarias.

O obxecto é o de recoller todas aquelas normas que deban adaptarse ás necesidades da crise sanitaria. Terán vixencia namentres a crise sanitaria afecte ao desenrolo da competición.

As disposicións serán de aplicación directa á tempada 2020 e 2021 da LGT.

O contido desta reforma específica terá prelación sobre as normativas ordinarias da LGT. A normativa ordinaria aplicarase de xeito subsidiario, é dicir, para a resolución daqueles supostos que non aparezan expresamente regulados nesta nova disposición. No caso de existir calquera interpretación ou controversia corresponderá dirimir aos órganos asociativos: comité competición e xuíz único.

En todo caso, as presentes normas respectarán o establecido nos Decretos-Leis aprobados polo Parlamento Español e tamén nas normas que aprobe a Comunidade Autónoma Galega no exercicio das súas competencias, incluíndo neste apartado os protocolos sanitarios, etc. Os clubs participantes e os seus integrantes comprométense a adoptar as medidas e recomendacións xerais ditadas polas autoridades sanitarias en materia da crise derivada do covid-19.

Este acordo asociativo tómase por medio da Asemblea Xeral do 15 de xuño de 2020 e é un acordo acatado por tódolos clubs asociados á ALN. A data 14 de decembro de 2020 realízase unha modificación do documento. A data 21 de xuño de 2021 realízase nova modificación do documento.

NORMATIVA DE COMPETICIÓN

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

b) Os clubs que cumpran os seguintes requisitos:

1. Aportar unha inscrición na conta da Asociación Liga Noroeste de 2.400€ pola inscrición do primeiro equipo masculino, de 2.400€ máis no caso de participar cun equipo B e de 2.400€ no caso de participar cun equipo feminino.

Os prazos para os pagos son os seguintes:

50% ANTES DO 10 DE XANEIRO DO ANO EN CURSO

50% ANTES DO 10 DE MARZO DO ANO EN CURSO

No caso de que un club non puidese participar na LGT chegado o momento do pago da segunda cota no mes de marzo, por motivos de restricións sanitarias, a ALN devolvería o pago correspondente á primeira cota a ese club.

Así mesmo, indicar por escrito que o club socio quere participar na LGT, en caso de non indicalo o club será socio da ALN pero non participante da LGT.

Artigo 3.- CALENDARIO DA LIGA.

3.6. O calendario oficial de competición poderá modificarse máis alá do 30 de marzo. O calendario da LGT deberá ser aprobado e definido previo inicio da competición, non podendo efectuarse cambios de data de regatas durante o transcurso da mesma.

Os clubs que teñan fixada súa data de regata no novo calendario, estarán na obriga de organizala a pesar de causar posteriormente baixa como participante na LGT, incluíndo coa organización o referente aos premios recollidos nesta disposición adicional.

A competición poderá estenderse ata o mes de setembro si se require.

As aprobacións de calendario realizaranse en asemblea, segundo o procedemento habitual. Deste modo, os calendarios serán aprobados polos clubs participantes dentro de cada competición e posteriormente será ratificado e aprobado pola maioría dos socios.

Artigo 4.- CLASIFICACIÓN DA LIGA E PUNTUACIÓN.

4.6. Para dar por válida a clasificación final da competición deberán de disputarse alo menos o 75% das regatas totais previstas e puntuables para a tempada.

Artigo 5.- PUNTUACIÓN EN SUPOSTOS DE INCIDENCIAS.

5.3. Suposto de abandono dunha regata por causa xustificada pero non imputable a terceiros, concederanse cero (0) puntos. A apreciación das causas incluídas neste epígrafe as valorará o Comité de Regatas. Con carácter xeral, entenderase que concorre un suposto de abandono

dunha regata por causa xustificada, pero non imputable a terceiros, cando a non finalización dunha quenda tivera relación con elementos materiais (embarcación, remos, etc) e persoais de cada club (remeiros/as, patrón/a, etc) ou coa natureza (climatoloxía, estado do mar, etc). Así mesmo, considerarase un suposto de abandono xustificado, todo aquel contratempo imputable aos impedimentos de saúde derivados polo covid-19.

Artigo 13.- SUPOSTOS DE AFECCIÓN POR CONTAXIO.

Regúlanse dous casos:

1. Remeiros que presentan síntomas propios da enfermidade ou que estiveron en contacto estreito cun positivo, aínda sen ter unha proba test que o acredite.
2. Remeiros que arrojan positivo nunha proba test do covid-19.

No caso de que un deportista figure no disposto dos casos anteriores, traería consigo a automática posta en cuarentena de toda a tripulación da que formase parte durante un período de 10 días naturais. Ese equipo non poderá tomar parte nas competicións da LGT mentres dure ese tempo de illamento.

A non ser que os remeiros acrediten á dirección da ALN resultados negativos mediante test PCR, en cuxo caso, poderían participar na seguinte regata, sempre e cando os resultados se presenten con 24h de antelación previo inicio da proba.

No caso de que unha tripulación non puidese participar en regatas a causa dun contaxio polo covid-19, aplicarase o recollido no Artigo 5.2. Concederáselle unha puntuación equivalente á media dos puntos obtidos por ese club nas regatas disputadas esa tempada. No caso de tratarse da primeira regata concederase unha puntuación igual á metade dos participantes.

No caso de que un club con un ou varios positivos formule a súa renuncia a seguir competindo terase en conta a súa puntuación para a clasificación xeral aos efectos que procedan.

No caso de que haxa varios clubs que arrojen positivo/s polo covid-19 decidírase a suspensión da categoría, atendendo ao seguinte criterio:

- Liga A: >3 clubs con positivo.
- Liga B: >3 clubs con positivo.
- Liga F: >3 clubs con positivo.

II. MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE COMPETICIÓN EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE PARTICIPANTES.

Atendendo a posibles baixas dos clubs da LGT, establécese o seguinte:

O clubs participantes en cada Liga permanecerán invariables atendendo ao acordo de composición de categorías adoptado en asemblea do 02 de abril.

As renuncias de clubs da Liga A para participar na LGT non serán cubertos por clubs da Liga B.

DISPOSICIÓN FINAL.

Se a Liga A chegase a ter de 11 a 10 participantes, celebrarase o Play-off de ascenso e descenso segundo o modelo habitual, participando o 10º e 11º clasificado da Liga A e o 2º e 3º clasificados da Liga B.

Se a Liga A chegase a ter 9 participantes, suprimiríase o Play-off de ascenso e descenso, ascenderían directamente o 1º, 2º e 3º clasificados da Liga B de cara á seguinte tempada.

Se a Liga A chegase a ter 8 participantes ou menos, suprimiríase o Play-off de ascenso e cubriríanse as vacantes segundo a orde de clasificación da Liga B de cara á seguinte tempada.

NORMATIVA DE REGATAS

Capítulo II.-DOS CAMPOS DE REGATAS.

Artigo 2.- Requisitos para a súa homologación.

l) Tódolos anteriores requisitos están supeditados ao disposto no protocolo sanitario para o covid-19. As medidas que no protocolo se recollen poden intensificar, aumentar o inclusive modificar os requisitos recollidos aquí dispostos.

Artigo 6.- Pesos da embarcación.

1. Na primeira regata de liga, pesaranse tódalas embarcacións antes da súa saída ao mar, e se algún club cambiase de embarcación durante o transcurso da liga, deberá pesala con antelación a súa utilización en competición.

Establecerase para elo un itinerario que deberá seguirse polos participantes de cada categoría, co obxecto de non acumular varios equipos na zona de pesaxe.

Na acta das regatas, irán recollidos os pesos das traíneiras.

CAPÍTULO V.- TRIPULACIÓN: DOS REMEIROS/AS E PATRÓNS/AS.

Artigo 11.- Inscripción de remeiros/as na competición.

4.- A zona de pesaxe de patróns estará delimitada e seguiranse as pautas establecidas no protocolo sanitario de feito que non se acumulen os deportistas.

Artigo 18.- Equipamento e aparatos técnicos de comunicación.

5. Todo o equipamento deberá ser propio e intransferible, evitando compartir o material deportivo (gorras, panos, etc), así como os aparatos electrónicos (altosfalantes, cámaras, micrófonos, etc). En caso de compartir requírese a súa desinfección ou lavado.

Artigo 26.- Conduta dos intervinentes da regata.

4. As condutas e accións dos intervinentes nas regatas están supeditados ao recollido no protocolo sanitario, o non cumprimento do disposto neste protocolo pode acarrexar a sanción de tarxeta amarela, de persistir a conduta, procederase a descualificación, sen prexuízo da responsabilidade disciplinario en que incorren os actores das devanditas condutas.